

## **ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO DÍA 29 DE SETEMBRO DE 2020**

Na Casa Consistorial de Sobrado, sendo as 13:15 horas do día de referencia, previamente convocados, reuníronse, en primeira convocatoria, os/as sres/as Concelleiros/as que compoñen a Corporación Municipal deste Concello, ao obxecto de celebrar sesión ordinaria do pleno baixo a presidencia do Alcalde, coas seguintes asistencias:

### **ASISTENTES:**

#### Presidente:

Luís Lisardo Santos Ares (PSdeG-PSOE)

#### Concelleiros/as:

Magín Freire Fidalgo (PSdeG-PSOE).

Alfonso Ríos Santos. (PSdeG-PSOE).

Ángel Manuel Vázquez Bugallo (PSdeG-PSOE)

Miguel Combo Aller (PSdeG-PSOE)

Juan Vicente Aller Penas (PSdeG-PSOE).

José Antonio Veiga Sánchez. (PSdeG-PSOE).

María Jesús García Souto (PP).

Ángel López Fidalgo (PP).

#### Secretaria:

Alejandra D. Fandiño Sánchez

## **ORDE DO DÍA**

### **PARTE RESOLUTIVA**

#### **PRIMEIRO.- APROBACIÓN DAS ACTAS DAS SESIÓN EXTRAORDINARIAS DO PLENO DE 09.06.2020,12.07.2020 E 22.07.2020.**

Pola Presidencia pregúntaselles aos Sres. Concelleiros asistentes se teñen algo que obxectar respecto da redacción das actas da sesións celebradas o día 9 de xuño de 2020, 12 de xullo de 2020 e 22 de xullo de 2020. Acto seguido, a Presidencia somete a votación este punto da Orde do día, acadando o resultado seguinte:

A Corporación, aproba por unanimidade dos Sres. Concelleiros presentes na sesión os borradores das actas das sesións.

## **SEGUNDO.- ELECCIÓN DE XUIZ DE PAZ TITULAR DO CONCELLO DE SOBRADO.**

Toma a palabra o Sr. Alcalde que expón o contido da súa proposta que transcrita literalmente di:

*“PROPOSTA DA ALCALDIA*

*Asunto: Elección de Xuíz de Paz titular do Concello de Sobrado*

*Dada conta do escrito da Secretaría de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia de data 12 de xuño de 2020 con RE 20200000000510 de 17.06.2020, no que se comunica qu estando próximo a vencer o periodo de 4 anos polo que se nomeou Xuíz de Paz titular para que no prazo de 3 meses se inicie novo expediente para elixir Xuíz de Paz Titular.*

*Consecuencia de tal escrito, por este Concello, iniciouse expediente aprobando as bases na por resolución de alcaldía 210/2020 de data 01.07.2020 con remisión de edicto o Boletín Oficial da Provincia, o cal saiu publicado no Boletín nº 103 do 8 de xullo de 2020, outorgándose un prazo de quince días para que os interesados presentasen a oportuna solicitude .*

*Durante dito prazo foi presentada a solicitude de D<sup>a</sup>. María José Sánchez Cabado RE 20200000000872 .*

*Visto o informe de Secretaría de data 01.07.2020.*

*Esta alcaldía, propón ao Pleno a adopción do seguinte ACORDO:*

**Primeiro.-** *Elixir Xuíz de Paz Titular á única candidata presentada Dona María José Sánchez Cabado.*

**Segundo.-** *Que se remita certificación do presente acordo e expediente completo ó Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (Sala de Goberno), ós efectos conseguintes.”*

Sometido a votación , o Pleno, en votación ordinaria e por unanimidade dos membros presentes, o que supón a maioría absoluta do número legal de membros da corporación acordou aprobar a proposta de alcaldía nos seus propios termos.

## **TERCEIRO.- FIXACIÓN DE FESTIVOS LOCAIS PARA O ANO 2021.**

Toma a palabra o Sr. Alcalde que expón o contido da súa proposta que transcrita literalmente di:

*“PROPOSTA DA ALCALDIA*

*Designación dos festivos locais para o ano 2021*

*O art. 46 do Real Decreto 2001/1983, de 28 de julio, sobre Regulación da xornada de Traballo, Xornadas Especiais e Descansos, que sinala que : "serán tamén inhábiles para o traballo retribuídos e non recuperables, ata dous días de cada ano natural con carácter de festas locais que por tradición lle sexan propias en cada Municipio, determinándose pola autoridade laboral competente -a proposta do Pleno do Concello correspondente..."*

*En uso das atribucións que establece o artigo 22.2 q da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, propoño ao Pleno a adopción do seguinte ACORDO:*

*PRIMEIRO: Designar como festivos locais para o ano 2021 os seguintes:*

- 16 de Febreiro de 2021 (martes de Entroido).
- 29 de xuño de 2021 (San Pedro)

*SEGUNDO: Notificar a Consellería de economía, emprego e industria aos efectos oportunos"*

Non se produce ningunha intervención e procédese a votación da proposta de alcaldía, en votación ordinaria, co seguinte resultado:

Votos a favor (6): Luis Lisardo Santos Ares, Magín Freire Fidalgo (PSdeG-PSOE), Alfonso Ríos Santos., (PSdeG-PSOE), Ángel Manuel Vázquez Bugallo (PSdeG-PSOE) , Miguel Combo Aller (PSdeG-PSOE) e José Antonio Veiga Sánchez. (PSdeG-PSOE).

Abstencións (2 ): María Jesús García Souto (PP) e Ángel López Fidalgo (PP).

Como resultado da votación a proposta da alcaldía queda aprobada.

**CUARTO:-EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN :INICIO PARA LA CELEBRACIÓN DEL CONTRATO BASADO EN EL ACUERDO MARCO PARA LA CONTRATACIÓN DEL SUMINISTRO DE ELECTRICIDAD EN ALTA Y BAJA TENSIÓN PARA LA CENTRAL DE CONTRATACIÓN DE LA FEMP.**

Se procede a la lectura de la propuesta de alcaldía que literalmente di:

*"PROPUESTA DE ALCALDÍA*

*ASUNTO.- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN: INICIO PARA LA CELEBRACIÓN DEL CONTRATO BASADO EN EL ACUERDO MARCO PARA LA CONTRATACIÓN DEL SUMINISTRO DE ELECTRICIDAD EN ALTA Y BAJA TENSIÓN POR LA CENTRAL DE CONTRATACIÓN DE LA FEMP.*

Exp:2020/C005/000001

**Título:** *Suministro de electricidad en alta y baja tensión del Ayuntamiento de Sobrado.*

**Tipo de Contrato:** *Contrato basado en el Acuerdo Marco para la contratación del suministro de electricidad en alta y baja tensión de la Central de Contratación de la FEMP.*

*Luis Lisardo Santos Ares alcalde-presidente del Ayuntamiento de Sobrado, en uso de las competencias que me otorga la legislación vigente y de acuerdo con los siguientes ANTECEDENTES,*

*Primero.- Memoria justificativa de la necesidad de contratar el suministro de electricidad en alta y baja tensión.*

*Segundo.- Adhesión a la Central de Contratación de la FEMP: Conforme al acuerdo del Pleno de fecha 7 de enero de 2020, el Ayuntamiento de Sobrado se encuentra adherido a la Central de Contratación de la FEMP, que se constituye como un sistema de racionalización de la contratación al servicio de sus Entidades Locales asociadas.*

*Tercero.- La FEMP, a través de su Central de Contratación, ha licitado en beneficio de sus asociados el Acuerdo Marco para el suministro de electricidad en alta y baja tensión con varios adjudicatarios y distribuido por lotes geográficos, en base a unos Pliegos de Cláusulas Administrativas Particulares (PCAP) y unos Pliegos de Prescripciones Técnicas (PPT). Dicho Acuerdo marco se adjudicó para los Lotes 1, 2, 3, 4, 5, 6 y 7 a IBERDROLA CLIENTES, S.A.U, ENDESA ENERGÍA, S.A.U. y GAS NATURAL COMERCIALIZADORA, S.A. con fecha de 21 de mayo de 2019, habiéndose formalizado el Acuerdo Marco el 17 de junio de 2019.*

*Cuarto.- En dicha licitación, la FEMP ha observado todos los requisitos y procedimientos exigibles a la contratación de las Administraciones Públicas, siguiendo por tanto la LCSP.*

*Quinto.-Que dicho Acuerdo Marco tiene una vigencia de 12 meses. Podrá ser objeto de prórrogas anuales (12 meses, cada una) sucesivas por mutuo acuerdo, antes de la finalización del mismo.*

*La duración total del Acuerdo marco, incluidas las prórrogas, no podrá exceder de 60 meses (5 años), de conformidad con lo dispuesto en el artículo 219.2 de la LCSP.*

*El plazo de vigencia del Acuerdo marco delimita el plazo en el que podrán adjudicarse los Contratos basados en el mismo. No obstante, la duración de los Contratos basados podrá exceder la del Acuerdo Marco, con las limitaciones previstas en el PCA.*

*Sólo podrán adjudicarse Contratos basados en un Acuerdo marco durante la vigencia de este último. La fecha relevante para entender que se ha cumplido este requisito será la del envío del Documento de Invitación por parte de la Entidad Local, o si en las sucesivas prórrogas del Acuerdo Marco solamente resultase un adjudicatario de cada Lote, será directamente la fecha de la adjudicación del Contrato basado.*

*Durante este periodo, las Entidades Locales adheridas deberán contratar los suministros con una de las empresas adjudicatarias del presente Acuerdo marco y en las condiciones que se fijan en el PCA y en el PPT.*

*Sexto.- Que, en base al citado Acuerdo Marco, esta Entidad Local puede suscribir el correspondiente Contrato basado con una de las empresas adjudicatarias del Acuerdo Marco, cuyo objeto comprenderá la prestación del suministro referido en el Acuerdo Marco en las condiciones que se fijan en el PCA y en el PPT.*

*Séptimo.- Los gastos del contrato se harán con cargo a las partidas presupuestarias:*

*161.22100, 165.22100, 312.22100, 323.22100, 342.22100, 920.22100 ,924.22100*

*Octavo.- El presupuesto estimado de licitación para un año asciende a 78.678,00 € sin IVA, y 16.522 € de IVA, por lo que el precio del contrato asciende a 95.200,00 € anuales.*

*El valor estimado del contrato (incluidas las prórrogas) es de 393.390,00 €.*

*Visto el expediente de contratación precedente, y considerando que en el mismo se han cumplido los trámites previstos en la Ley de Contratos del Sector Público, y visto el importe del contrato ,la competencia corresponde al Pleno disposiciones legales vigentes, PROPONGO AL PLENO LA ADOPCION DEL SIGUIENTE ACUERDO:*

**Primero.** *Aprobar el presente expediente de contratación del suministro de electricidad en alta y baja tensión del Ayuntamiento de Sobrado.*

**Segundo.** *Aprobar que la tramitación, adjudicación, formalización y ejecución del contrato basado se regirá por los Pliegos de Cláusulas Administrativas Particulares y de Prescripciones Técnicas Particulares que rigen el Acuerdo Marco y por la normativa aplicable a este tipo de contratos.*

**Tercero.** *Aprobar el gasto correspondiente.*

**Cuarto.** *Iniciar el procedimiento de adjudicación, según lo establecido en los pliegos de cláusulas administrativas y de prescripciones técnicas que rigen el Acuerdo Marco.*

**Quinto.** *Nombrar responsable del contrato al alcalde D. Luis Lisardo Santos Ares de conformidad con la cláusula 21.4 del PCA.*

Sometido a votación , el Pleno, en votación ordinaria y por unanimidad de los miembros presentes acordó aprobar la propuesta de alcaldía en sus propios términos.

### **CONTROL E SEGUIMIENTO DA XESTIÓN**

#### **QUINTO:DACIÓN DE CONTA DE DECRETOS DE ALCALDÍA 410/2019 A 605/2020.**

Incorporase á sesión o concelleiro Juan Vicente Aller Penas.

Dase conta dos decretos de alcaldía dende o 410/2019 ata o 605/2020.

#### **SEXTO; DAR CONTA DO PERIODO MEDIO DE PAGO A PROVEEDORES DO 1º E 2º TRIMESTRE DO 2020.**

Dase conta do periodo medio de pago a provedores do 1º e 2º trimestre do ano 2020, datos comunicados á Oficina Virtual de Coordinación Financeira coas entidades locais

#### **SETIMO. MOCIÓNS DE URXENCIA.**

Intervén a sr. García e afirma que presentaron unha moción para o pleno de xullo que ao final non se celebrou, que o contido da moción era con respecto aos remanentes de tesourería para quen non se cederan ao Estado.

O sr. Alcalde responde que el a houbese posto na orde do día e que incluso a aprobaría porque o seu grupo tampouco está disposto a dar o remanente de forma voluntaria pero que ao derogarse o Real Decreto non tiña sentido metela na orde do día.

A sr. García manifesta o seu desacordo e malestar no feito de que se presente unha moción e non se inclua na orde do día e que se o Concello de Sobrado está en contra de entregar os remanentes ao Estado deberían traer tamén unha moción ao Pleno .

A sr. García quere que conste a postura desta Corporación con respecto a este tema de que non estamos dacordo con que se ceda o remanente de tesourería do Concello de Sobrado ao Estado.

#### **OITAVO. ROGOS E PREGUNTAS**

O Sr. Alcalde lle da un escrito á sr. García de resposta as preguntas formuladas no último pleno ordinario que reproducido literalmente di:.

“PREGUNTAS DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO CELEBRADO CON DATA 07/01/2020.

*PREGUNTA NÚMERO 1: Debido á parálise en canto a obras que sufriu este Concello durante a anualidade do 2017, atopámonos cun concello carente dos adecuados mantementos nos viais municipais, que afectaba a todas as parroquias deste Municipio. Debido a esta situación de urxencia declarada pola propia veciñanza, vímonos na obriga de realizar reparacións de urxencia nos mesmos.*

*PREGUNTA NÚMERO 2: O Concello de Sobrado, non concedeu licenza municipal a empresa Gestán Medioambiental. O día 26/09/2019, solicítase a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, informe relativo ás actuacións do expediente de control da actividade de Gestán. No mes de xaneiro de 2020, recibimos informe no que a grandes rasgos indícase que se elaboran regularmente programas de inspección e sinálase que lle corresponde a esta instalación someterse ás actuacións de control no vindeiro ano (AAI). Entendendo que se trata dun informe moi xenérico, dende o concello requíreselle a Gestan, no mes de febrero, documentación, indicándose así mesmo, que non conta con licenza para o novo vaso. Non obstante, toda a documentación pode ser consultada na páxina web da Xunta de Galicia, tal e como se indica no indicado informe.*

*PREGUNTA NÚMERO 3: En relación a esta pregunta, indícaselles que o Concello de Sobrado, non ten ningún requirimento con respecto a ningunha investigación a cerca de lodos no Concello.*

*PREGUNTA NÚMERO 6: Con respecto ás instalacións do Mercado, este concello conta coa disponibilidad de uso do mesmo.*

*PREGUNTA NÚMERO 7: Respecto da sinalización, sempre e cando as actuacións levadas a cabo contribúan ao impulso turístico da zona e supoñan melloras para os nosos visitantes veciños, a resposta é afirmativa.*

*PREGUNTA NÚMERO 8: Remanente de tesourería: 1.285.452,49€”*

A sr. García comeza a lectura do escrito e sinala que só hai oito respostas cando as preguntas formuladas foron dez.

Por outra parte roga que se lle entregue a documentación que solicitou.

O sr. Alcalde afirma que ten 5 días para contestar e que se non contesta o silencio se entende positivo e que ó persoal lle leva tempo preparar a documentación.

A sr. García continua coa lectura do escrito e puntualiza que respecto a sinal privada se o alcalde cree que contribúe ao fomento do turismo deberían sinalizar tódolos establecementos privados.

Insiste en que non están contestadas todas as preguntas.

Con respecto a Gestán sinala que o alcalde lle contesta que lle da acceso ao expediente, e que viu que se ditou resolución de alcaldía de suspensión das obras e inicio do expediente de reposición da legalidade urbanística, e pregunta se se suspenderon efectivamente as mesmas.

Resposta o sr. alcalde que lle contestará no seguinte pleno.

A sr. García pregunta se sabe a cantidade de materia orgánica que se trae ás Pías e sinala que esa pregunta xa a fixo no pleno ordinario anterior.

Resposta o sr. alcalde que se lles deu acceso ao expediente, non como pasa noutros concello, aquí se da un trato exquisito.

A sr. García quere que consten en acta a seguintes preguntas:

-¿Sabe o alcalde que cantidade de materia orgánica que traen os rexeites que se están traendo ás Pías?

-¿Sabe o alcalde que residuos pode xestionar Gestán na canteira das Pías? Resíduos de amianto, e lixiviados e lodos e tamén, por exemplo qué cantidades?

-¿Sabe o alcalde a que distancia se atopan os residuos do Camiño de Santiago que pasa polo noso Concello e do que depende practicamente a totalidade da actividade económica do comercio e a hostalaría do Concello?

- ¿Sabe o alcalde os perxuízos que o vertedoiro está supoñendo para os veciños de Altopaso, Abeledo, Mandeo en canto a impacto visual ,olores ...?

- ¿Sabe o alcalde por qué se producen incendios, ou algo similar? Se hai vapor ó regar é porque a temperatura é alta?...Sabe o alcalde a causa de que a temperatura sexa tan alta?

- No último pleno non o sabías pero agora xa sabe o alcalde en qué situación se atopa o expediente de solicitude de licenza para o novo vaso?

-¿Sabes que capacidade terá o novo vaso?

-¿Sabe canto tempo tardará en enchelo a este ritmo?



-¿Sabe que xa empezaron as obras do novo vaso?

-¿Sabe canto cobrará Gestán polos rechazos que pode meter nese novo vaso que están construindo? Máis de 3.500.000 €¿ Esto vai ter algunha repercusión económica para o Concello de Sobrado máis que uns postos de traballo que acabarán en 5 anos?

-¿Esa resolución de paralización de obras de 28 de febreiro se executou? Porque Gestán entende que está concedida por silencio administrativo , se paralizaron as obras e se acordou devolver o ICIO.

O Concello non pode conceder ou denegar a AAI, pero si pode intervir se o vertedoiro segue medrando e sobre todo cando o que se trae é no que non queren en ningún outro sitio polo contido do residuo orgánico que leva.

Continúa a súa intervención a sr. García e afirma con respecto aos lodos que no último pleno dixo o alcalde que abriría unha investigación ó respecto , isto aclara está recollido na acta do pleno de 30.09.2019 por iso pregunta cal foi o resultado desa investigación , cales foron as conclusións extraídas e en que consistiu.

-Parece que con respecto á labor da Xunta teñen todo en regra pero con respecto ao Concello?

-Sabe o concello de quen son eses pozos? A prensa facía referencia a un concelleiro do Psoe, José Antonio Veiga Sánchez, sabe se ten algo que ver con este tema?

¿Sabe o concello cantos pozos existían antes da investigación da Xunta?

-¿Sabe o alcalde cantos pozos existen a día de hoxe?

-Sabe se están construídos nas condicións esixidas pola lei?

-Sabe o alcalde se están construídos cumprindo as normas de seguridade esixidas pola lei?

-Sabe o alcalde a posible afección que teñen estes pozos ós ríos e acuíferos da zona?

-¿Teñen licenza municipal?

A sr. García pasa a relación de preguntas anteriores á Secretaria para que consten en acta.

Continúa a súa intervención a sr. García e formula as seguintes preguntas sobre os Decretos:

1. ¿Cal foi a situación da rede de abastecemento de auga este verán.? Observa que se construíron 2 pozos.

O alcalde resposta que se fixo un en Pousada e catro en Campelo.

2. Hai unha serie de pagos dun transporte dunha persoa discapacitada, e pregunta con que criterio se adxudica este servizo, quen pode obter . Calqueira persoa discapacitada que lle faga falta pode utilizalo, hai unhas bases que regulen este tema?

O alcalde resposta que non, que se realiza a criterio dos servizos sociais.

Afirma a sr. García que cando non hai unhas bases e criterios obxectivos pode haber xente á que lle faga falta e non ten ese servizo. Ademais pregunta como se decide quen leva a cabo dito servizo.

3. Pista de pádel

A Sra. García pregunta onde se pensa construír .

O alcalde contesta que non se vai facer porque denegaron a subvención solicitada e era para poñer no polideportivo.

4. Pregunta polas facturas de zavorra.

5.-Cesión local social de As Cruces.

Pregunta se se plantea ceder o local e se non se valora que o Concello o utilice.

O sr. alcalde contesta que existía unha liña de axudas da Xunta para as “Casas do Maior” e se puxo a disposición ese local pero non se recibiu ningunha solicitude polo que segue aberto como local social.

6.Facturas de comunicación.

A sr. García sinala que a contía das facturas subiu de 400 € a 600 € e pregunta a que se debe ese incremento.

7.Albergue As Casiñas.

A sr. García observa que por decreto se suspenderon as obras que se están desenvolvendo no albergue “As Casiñas” e lle sorprende e quere saber a causa do inicio do expediente cando hai moitas actuacións no concello que se fan sen licenza e non se inicia ningún tipo de expediente.

8.Pago de facturas.

Afirma a sr. García que viu algún pago relacionado coa “Festa da Troita” e lle extrana porque deben ser do ano pasado.

Ademais afirma que se contrata a determinadas empresas do concello determinados servizos e suministros por sistema e quere saber cal é o criterio que se emprega.

O sr. alcalde contesta a que tipo de compras se refire.

A sr. García di que por exemplo material COVID .

Resposta o sr. alcalde que se intenta repartir e engade que recorda o pleno cando a sr- García era alcaldesa e que se compraran destructoras de documentos lle dixera que había intencionalidade e seguiches comprando a esas empresas.

9. Actuacións levadas a cabo polo concello durante o estado de alarma.

A sr. García afirma que ó día seguinte da declaración do estado de alarma se puxeron á disposición do concello e non se realizou ningunha reunión.

O sr. alcalde responde que iso xa llo comentei aos concelleiros no anterior pleno.

Intervén de novo a sr. García e sinala que noutros concellos se fixeron reunións e que desexa saber qué actuacións concretas se levaron a cabo.

10. Actividades de dinamización social nas parroquias.

A sr. García quere saber cal é a situación das actividades de dinamización social nas parroquias, que previsión de actuacións concretas se van a levar a cabo.

O sr. alcalde responde que se está a falar cos veciños para comezar a mediados de outubro.

11. Brigada de incendios.

A sr. García pregunta porqué este ano non houbo brigada de incendios no concello.

Resposta o alcalde que se a botou de menos.

12. Pista de Madelos a Carelle.

A sr. García pregunta o motivo de que a pista non se fixera ata o final e que xusto onde enlaza co Camiño de Santiago os veciños se queixan de que a auga arrastra toda a grava da pista.

ROGOS

O Alcalde cede a palabra a Sra. García que formula os seguintes rogos:

1.Solicita diálogo e transparencia.

2.Solicita que se graven os plenos, que xa o pediron en máis ocasións, para que se reflexe todo o dito e as observacións feitas, para que se recolla o sentido exacto das palabras.

3.Con respecto aos nenos do colexio , propuxo que se cederan ordenadores aos nenos que non teñan para que poidan seguir as clases con regularidade así como acceso a internet para que no caso de ser necesario podan manter o nivel educativo.

4.O sr. Figalgo afirma que sería importante que se gravasen os plenos e retransmitir por youtube, ou emitir en streaming e que así se vería que o alcalde non contesta á metade das preguntas e que hai concelleiros no pleno cos móbiles.

O sr. alcalde solicita respecto para os concelleiros que foron elixidos polos veciños.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as 14:10 horas, o Alcalde levanta a sesión, do que eu, como secretaria, dou Fe.

*DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE*